


1º Subir os arquivos a Moodle

- Entramos en Moodle co noso usuario e contrasinal




- Accedemos ao curso correspondiente. No noso exemplo “Actividades de Ardora”



- Xa dentro do curso, “Activamos edición”



- Subimos os arquivos da actividade Ardora a carpeta de ficheiros do curso



- Podemos subir os arquivos directamente ou facer un cartafol para esa actividade concreta.




- Unha vez creado o cartafol subimos os arquivos. Podemos subir un a un, pero tamén podíamos subilos nun arquivo comprimido e logo xa nos aparece a opción de descomprimilo. Esta é unha boa opción cando son varios os arquivos a subir ou moi grandes



- **MOI IMPORTANTE**


Se miramos as propiedades do arquivo crebacabezas.htm imos obter a URL que nos vai dar a dirección que podemos empregar para inserir no código <iframe> para embeber a actividade de Ardora nunha páxina de Moodle



- Neste caso o código <iframe> quedaría

```
<div align="center"> <iframe  
src="http://localhost/moodle/file.php/4/ExArdora2/crebacabezas.htm" frameborder="0"  
width="800" height="600" scrolling="auto"></iframe></div>
```

- Volvo a edición do curso e engado un recurso do tipo “Ligazón a un ficheiro ou páxina web”



- Localizo como ficheiro de ligazón “crebacabezas.htm” que se atopa na carpeta “ExArdora2”




Escollo o arquivo indicado

	Nome	Tamaño	Modificado	Acción
	Cartafol pai			
<input type="checkbox"/>	crebacabezas.htm	781 bytes	14 ago 2008, 01:28 p.m.	Escolle Editar
<input type="checkbox"/>	crebacabezas.jar	44.8KB	14 ago 2008, 01:28 p.m.	Escolle

- Elixo publicar en nova xanela e gardo



- Tamén podería engadir un recurso de “Páxina web”



- Agora introducir o código `<iframe>` que indicamos anteriormente. Importante sinalar que o `<iframe>` hai que introduci-lo como código, pero o que hai que premer na icona `<>` do procesador



Recomendamos tamén publicar en nova xanela

- O resultado cando engadimos unha actividade feita con Ardora en Moodle como Engadir recurso “Elaborar páxina WebW ou “Ligazón a un ficheiro ou sitio web” é moi semellante.